

Os Estados Unidos que eu coñezo e o futuro que espero non coñecer

Carmen Pereira-Muro

Despois de vivir doce anos nos Estados Unidos, en catro estados distintos, despois de case nove anos de matrimonio cun “*michiganita*” profundo e de ter unha filla neste país, despois de tantos anos procesando para decenas e decenas de mozos estadounidenses a lingua, cultura e literatura españolas, aínda me resulta difícil poder sintetizar as miñas experiencias neste país dun xeito homoxéneo e medianamente coherente. Pero non creo que isto sexa necesariamente limitador á hora de falar dos EEUU, pois a incoherencia e a imposibilidade de redución a unha fórmula única son fundamentais na constitución íntima dunha sociedade que, na miña opinión, é á vez abraiante na súa insospeitada tenrura e totalmente previsible na súa ambición sen límites. O meu *modus operandi* neste artigo será de tipo aristotélico máis que platónico; vou falar de varias e distintas experiencias e exemplos do que creo caracteriza as partes e aspectos que eu coñecín deste país, e tratarei ó facelo de atopar algún tipo de denominador común co que non deixar demasiado inconexa esta reflexión.

O meu primeiro contacto cos EEUU tivo lugar en Madison, Wisconsin, onde fixen os meus estudos graduados durante seis –dende a distancia– idílicos anos. O primeiro que marcou unha diferenza radical co mundo do que viña foi o sistema académico no que me vin inmersa en corpo e alma. Pouco tempo tiveron para mirar ó meu redor e sequera tratar de pensar sobre o novo país no que me atopaba. A intensidade e ritmo febril dun programa graduado nun departamento de español dunha gran universidade en EEUU non tiña nada que ver coa aprendizaxe rutineira e momificadora do coñecemento pola que pasara en Santiago de Compostela. Aquí, o máis importante nas clases non era a lección maxistral do profesor, senón a discusión colectiva dos textos lidos, acompañados de lecturas críticas e teóricas que ensanchaban cada vez máis os límites do pensamento. ¡Qué sorpresa –qué terror ó principio– cando se me preguntaba a miña opinión sobre algún dos temas discutidos! Máis tarde, cando me convertín en profesora loitando contra a miña tendencia case innata a caer no gran anatema no ensino de Humanidades neste país, “*a teacher-centered-class*”, unha clase centrada no profesor (ó fin e ó cabo, eu sabía moito máis que os meus estudantes sobre a materia, e a miña misión era transmitirles esas nocións, ¿ou non?) comprendín que este tipo de sistema educativo, que elimina xerarquías de coñecemento na aula, que busca ensinar a pensar, máis que insuflar un pensamento prefabricado, e que, todo hai que dicilo, concede unha importancia ás veces desmesurada á expresión individual (calquera tentativa de participación na clase debe ser valorada, por máis có que se digan non sexan máis que parvadas), reflicte peculiaridades da sociedade e

democracia estadounidense e da súa actitude ante os intelectuais. O respecto (ou a falla de deliberación) ante o saber humanista acumulado e ante a figura do intelectual erudito que existe en España, é aquí inexistente; o que admira, o que gaña puntos na academia norteamericana, é a túa capacidade de innovar, de realizar unha investigación “*cutting edge*” –punteira– e “*groundbreaking*” –unha palabra evocadora de pioneiros na fronteira, arando praderías virxes–. O que se quere para os estudantes é proporcionarlles as ferramentas intelectuais, non o material; iso pódeno atopar eles nos inmensas, xenerosas e abertas bibliotecas universitarias. O mito americano por excelencia do “*self made man*” perpetúase a nivel do intelecto nesta pedagogía nacional destinada a exaltar ó individuo, pero tamén a deixalo só na precaria travesía do coñecemento humano. Moitas veces o resultado é un ego inchado, incapaz de recoñecerse no erro, e con grandes lagoas na súa formación, cousa que tampouco lle quita sono.

Madison é unha cidade atípica dentro do, polo xeral, conservador Medio Oeste americano. Cidade universitaria e maiormente de raza branca, goza dun benestar económico e unha homoxeneidade social que a leva a permitirse o luxo de ser “progre”. Fronte á masificación e “*cadeización*” que caracteriza ás opcións de consumo na gran maioría deste país (ata o extremo de que aquí, no subtropical Miami, practicamente non se pode atopar roupa de verán en “inverno”, senón exactamente a mesma roupa de abrigo –abrigos de pel incluídos– que se mercaría no *Gap* ou no *Banana Republic* de Minnesota), Madison conserva un centro urbano con gran cantidade de excelentes pequenas librerías, tendas de aire *hippie* e multitude de restaurantes “étnicos”. Segundo dicía, como primeira experiencia do que é este país, foi francamente atípico.

Probablemente un dos aspectos que non valorei o suficiente ata que saín de Madison foi o seu sistema de seguro médico –cando menos o que aproveitabamos os estudantes, que practicamente cubría todo (e os hospitais eran de primeira categoría). Ó saír da “burbulla madisoniana” descubrín o que perdera; o sistema sanitario é o gran negocio deste país, e aínda cando o teu contrato de traballo inclúe un seguro médico, débese pagar moitísimo máis do que un cidadán español criado baixo o manto protector da Seguridade Social podería admitir sen pór o grito no ceo ante tal atropelo ó que pensamos, son dereitos humanos inalienables. Aínda recordo o horror da miña nai cando lle contei a pequena fortuna que me custara o parto (“cuberto” polo meu seguro), ou o que tiña que pagar pola vacina que lle puñan á miña filla. Mentres escribo isto, o presidente Bush (que conste que aínda me resisto a recoñecer-la súa lexitimidade presidencial, e se lle chamo así é máis que nada por cuestións prácticas de evitar confusión co seu irmán, gobernador do estado no que vivo agora) vén de asinar unha nova lei que termina cun dos poucos elementos do sistema sanitario americano que remotamente recordaba a unha medicina socializada a escala nacional, *Medicare* –programa que cubre as necesidades sanitarias e farmacéuticas dos “*seniors*”–. Dende agora, *Medicare* non será senón unha opción máis entre as moitas compañías de seguros que competirán polos favores e aforros dos sufridos e, a partir de agora confusos e pode que enganados cidadáns da terceira idade.

Como vaguesa acostuada á presenza reconfortante da ría e ó esplendor dos veráns nas democráticas praias de luxo da nosa costa, sempre laiei da privatización da paisaxe en EEUU, onde ás veces é imposible roubar unha mirada ó mar ou a un lago, porque absolutamente toda a costa se agocha tras un inacabable valado. Durante o ano no que meu marido e eu vivimos no fermosísimo estado de Maine, lembro que planeabamos con coidado as nosas excursións de fin de semana, esforzándonos por atopar no mapa accesos a praias públicas ou a parques estatais. Merecía a pena: a beleza prístina da costa, os pequenos pobos de conto de fadas, a vívida sensación de historia e tempo que nunca achara no Medio Oeste (cemiterios ó borde do camiño con vellas lápidas corroídas do século XVII, nobres e severas casas ó borde do colapso), todo me fixo amar esta parte do país e conectar con outro dos grandes mitos americanos: a exaltación da natureza como fundamento espiritual da nación. Tal foi a experiencia dun dos grandes pensadores utópicos do XIX, Thoreau, autor de *Maine Woods*, que relín relixiosamente. Sen embargo, a beleza natural xa non é a ilimitada e salvaxe que ensanchaba o espírito de Thoreau e compañía, senón que se atopa vixiada e rodeada, presta a desaparecer baixo as dentadas do capitalismo e a súa falacia do “desenvolvemento sustentable”. Non tanto en Maine, onde a escasa poboación e o clima cru detiveron máis este avance, pero noutros lugares como Michigan fun testemuña da loita que significa conservar dous palmos de hábitat natural. Producto desa mentalidade de “vida na Natureza” do XIX, os estadounidenses de hoxe eluden a vida urbana e expándense horizontalmente *ad infinitum*, en urbanizacións clónicas que parcelan e privatizan unha terra destinada a aburridos xardíns clónicos (onde os donos pasean orgulloso sobre uns tractores que deixan a herba ó cepillo, coma o pelo dun *marine*; os fins de semana, mentres xiran ó unísono en círculos de *cowboy* motorizado, os honrados pais de familia con garaxe de dúas prazas e pequeno valado branco no xardín, celebran o triunfo da orde e a exactitude sobre a rebelde nai natureza). Uns amigos nosos mercaron unha casa nunha destas urbanizacións; fixérono sobre todo porque, sendo amantes da natureza, a súa casa daba a unha zona de bosque e marisma. Ó pouco de mercar a casa, outra urbanización xemelga comezou a expandirse e ameazaba liquidar este último reducto natural. Os nosos amigos (algo interesadamente, ó fin e ó cabo era o “eu” bosque) removeron ceo e terra, contaron especies de árbores, de flores, de animais, buscaron firmas, investigaron leis, contactaron con xornalistas, e despois de máis dun ano de batalla, conseguiron que a constructora respectase unha pequena franxa de bosque que os separaba do novo complexo urbanístico. *Sic transit gloria naturae*.

Se Maine foi a experiencia da natureza e das orixes espirituais (máis tarde pervertidos pola noción do “*suburban life*”) desta nación, Miami foi a experiencia suprema do “*melting pot*” –o crisol unificador–. A diversidade é algo enalzado con insistencia na pedagogía estadounidense (ata o punto de que á miña filla de dous anos, na gardería, lle dan para pintar papeis amarelos e marróns –non brancos– para “fomentar a diversidade”), pero ata chegar aquí nunca a experimentara de primeira man. Nas institucións académicas do Medio Oeste ou en Maine, onde ensinara anterior-

mente, tiñamos pequenas pingas de diversidade racial e cultural nas clases, canalizadas a duras penas a través do programa de “*affirmative action*”, pero a gran maioría dos estudantes eran brancos, con diñeiro, e americanos ata a medula. Na vida diaria podíase percibir unha presenza crecente de inmigrantes, na súa maioría latinos, pero a súa extrema pobreza impedíalles o acceso á universidade, que é o filtro a través do que eu me relaciono con este país, e relegáboas a humildes postos de traballo. Sen embargo, ó chegar aquí a Miami, só pisar o aeroporto un se decata de que aquí o español é omnipresente e a cultura latina é a raíz, e de que o que noutras partes do país serían “os outros”, aquí son os privilexiados. A primeira vez que visitei esta cidade deixoume abraiada un valado publicitario ó saír do aeroporto. O texto, acompañando a imaxe dunha botella de *Johnny Walker*, era unha cita de Antonio Machado, ¡en castelán!: “*Caminante, son tus huellas el camino, y nada más. Caminante, no hay camino, se hace camino al andar*”. Ou sexa, que aquí os falantes en español teñen, á parte da capacidade adquisitiva para consumir licores non precisamente baratos, tamén o capital cultural suficiente para que unha cita de Machado sexa moeda común. Non só iso: máis tarde descubrín con pracer que no supermercado atopábase absolutamente todo o que eu botara en falla no meu día a día caseiro, dende grelos e chourizo “*Los galleguitos*”, a lacón, unto para o caldo, albariño, colonia *Nenuco*, ¡mesmo a revista *Hola!* Pero como nos soños freudianos nos que o *heimlich* (familiar) se converte en desaprachable *unheimlich*, a cultura de Miami resultoume máis difícil de procesar e asimilar que a das outras rexións do país, é maioritariamente latina, pero ó igual que a variada oferta de consumo, tamén a cultura está sometida á lóxica capitalista que impera sen rebozo nos EEUU. Gran parte dos que inmigraron a Miami, ademais dos cubanos ricos que fuxiron nos primeiros momentos do castrismo, proceden das clases privilexiadas de países latinoamericanos como Colombia, Venezuela ou Arxentina, cunha inestabilidade política e social que os empurrou a emigrar, e ares-tora ocupan algunha das múltiples mansións que non cesan de erguerse nesta cidade (Miami ten probablemente o mercado de vivenda máis dinámico –e caro– do país)⁽¹⁾. Como dicía, en liñas xerais o espírito empresarial, individualista e ata certo punto materialista (hai aquí unha estraña relixiosidade fanática –comezando pola de George W. Bush– sobre a que se poderían escribir tomos) da sociedade estadounidense posuíu a alma dos latinos de Miami, e só o seu xeito de conducir coches blindados, sen a menor consideración polos outros coches, e non digamos polos pobres (e raros) peóns e ciclistas, amosa a prepotencia dos que asumen unha certa mentalidade de conquista así que chegan ó “país das oportunidades”. O civismo, espírito sobrio e aforrador e fondo sentido ético da Nova Inglaterra, ou a amabilidade inocente e de boa intención que caracteriza ó habitante do Medio Oeste, non son aquí a norma.

(1) Me pregunto se os queixos San Simón, viños galegos *et alii* dos supermercados non responderán á demanda de descendentes de emigrantes galegos que se afincaron neses países e agora buscan aquí un novo paraíso. Nunca fun, pero cóntanme que en Miami as *Casas Gallegas* son moi activas, e acostuman organizar romarías, con grupos de gaita e todo, e merendan tan ricamente nos terreos dalgunha das igrexas locais, cambiando a sombra da carballeira (ou a do ombú) polo palmeiral.

De calquera maneira, dende o 11 de setembro todo está cambiando, tódolos valores vólvense avaliar e a seguridade semella ser a preocupación número un, sen importarlle a ninguén o máis mínimo as liberdades pisoteadas no país que se dispón a difundir o evanxeo da liberdade polo planeta, de xeito que calquera impresión que poida dar eu agora quizais non sexa válida dentro dun ano. Unha visión sinistra do futuro: fai un par de semanas celebrouse nun centro de convencións de Miami unha reunión no cumio do FTAA, *Free Trade of the Americas*. A cidade viviu un auténtico estado de sitio, non por parte dos que protestaban contra este novo plan para asfixiar as economías locais –ós que en moitos casos nin sequera se lles permitiu baixar dos autobuses nos que se desprazaran ata aquí dende distintos puntos do país–, senón por parte dunha policía militarizada, que, armada ata os dentes, pechou o acceso ó centro urbano e patrullou as rúas, evacuadas con tanques. Como consecuencia ninguén puido presenciar a manifestación de protesta contra o FTAA, e por suposto ós manifestantes non se lles permitiu nin remotamente achegarse ó centro de convencións, onde os ricos do mundo conspiraban para facerse máis ricos. Os xornais e cadeas de televisión locais (patrocinadores do congreso) contribuíron a que se estendera o pánico e a histeria colectiva ó lembrar os precedentes destructivos das manifestacións antiglobalización en Seattle e Xénova, e suxerir a posible presenza de terroristas entre os que protestaban. A manifestación –que se manifestou para si mesma nun baleiro pantasmal– saldouse con centos de feridos e detidos por unha policía brutal, que atacou, sen provocación, a manifestantes e “xornalistas-non-vinculados” (os xornalistas oficiais estaban no lado da policía, e ó día seguinte reproduciron un relato épico e glorioso da carnicería). Por suposto, a excepción da comunicación por Internet, que ó fin e ó cabo reciben os que xa están ó tanto, ningún medio de comunicación importante difundiu as imaxes arrepiantes dunha policía futurista (equipada con armaduras e “medios de disuasión” que proceden do orzamento antiterrorista votado polo Congreso dos EEUU) sacudindo sen piedade a cidadáns indefensos, que pasaran ó status de “terroristas potenciais” só por se atrever a diferir no país que me ensinou que cada opinión conta. Din que o presente desta Florida surrealista de Elián, indiferencia, mortos que votan e liposucción para todos, aseméllase moito ó futuro dos EEUU. Que Deus nos colla confesados.

Carmen Pereira-Muro é profesora de literatura e cultura española con especialidade nos séculos XVIII e XIX na Universidade de Miami (EEUU). As súas publicacións versan sobre cuestións de nacionalismo e xénero sexual.